



# MUXÍA CONCILIA 2020

## INFORMACIÓN

### DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Actividade multidisciplinar organizada desde a área de igualdade, medio ambiente e deportes.

Co principal obxectivo da conciliación familiar.

Extenderase desde o 13 de xullo ao 7 de agosto.

Dividirase en dúas quendas:

1ª quenda: do 13 ao 24 de xullo.

2ª quenda: do 27 de xullo ao 7 de agosto.

O horario será de 10:00 a 14:00 horas.

### IDADES E GRUPOS

GRUPO	IDADES	Nº PRAZAS
I	nenos/as nados no 2014-2013	9 por quenda
II	nenos/as nados no 2012-2011	9 por quenda
III	nenos/as nados no 2010-2009	9 por quenda

### INSCRICIÓNS

A **preferencia** de participación atenderá aos seguintes criterios:

- (1) Empadroados no concello de Muxía con necesidade de conciliación (ambos proxenitores traballan sen ter a posibilidade de deixar ao/s menor/es a cargo dun adulto).
- (2) Empadroados en Muxía.
- (3) Non empadroados en Muxía con vivenda familiar no Concello.
- (4) Non empadroados no concello de Muxía

A inscrición é gratuíta e poderase realizar do **7 ao 10 de xullo**, de forma telemática ou **presencial no Polideportivo Municipal de 10:00 a 13:00 horas** e facilitando toda a documentación solicitada.

O **procedemento** para facer a **inscrición telemática** é o seguinte:

[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com) ⇒ Sede electrónica ⇒ actividades deportivas e culturais ⇒ solicitude inscrición actividades deportivas

No apartado DATOS ACTIVIDADE cubrirase da seguinte maneira:

Actividade: Muxía concilia 2020

Grupo: Quenda na que desexa participar.

A/o solicitante será o pai, nai, ou titor/a legal da/o menor ou menores aos que se desexa inscribir.

Presentarase a seguinte **documentación** :

- Ficha de inscrición cuberta e asinada.
- Declaración responsable asinada.
- Copia da tarxeta sanitaria.
- Documentación acreditativa dos méritos preferenciais.
  - Certificado de empresa acreditativo do horario laboral.

No caso de que as inscricións superen o límite de prazas, estas asignaranse atendendo estrictamente ao orde de preferencias establecido anteriormente. Pero no caso de que sexa preciso determinar a asignación de prazas nalgún dos grupos de preferencia, realizarase un **sorteo** para a ocupación das mesmas. Dito sorteo consistirá na asignación dun número a cada un dos aspirantes, que corresponderán cos números das bolas introducidas nun bombo. Iranse extraendo bolas ao azar para completar o número de prazas. O sorteo terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello, o **día 10 de xullo de 2020, ás 12:00 horas**.

Establecerase lista de reservas. No caso de producirse baixas, cubriranse coas reservas seguindo a orde que establece o sorteo.

O resultado do sorteo poderá consultarse posteriormente na páxina web do concello ou no taboleiro de anuncios municipal.

### OBRIGAS E RECOMENDACIÓNS PARA OS/AS USUARIOS/AS

#### OBRIGAS

Cada persoa participante deberá levar o seu propio material para o desenvolvemento das actividades (a listaxe do mesmo facilitarase coa inscrición definitiva). Deberase evitar o uso de materiais compartidos durante a actividade. En caso de que sexa preciso, aumentaranse as medidas de precaución, desinfectándoos tras cada uso.

Os/as participantes non poderán saír ou abandonar a actividade do campamento sen o acompañamento dalgun/ha

monitor/a sempre e cando se xustifique o motivo que orixine esta interrupción.

Ao inicio de cada xornada deberán indicar quen será a persoa que recollerá ao/á participante.

Por comodidade dos/as nenos/as é necesario que leven **roupa cómoda, gorra, crema solar e merenda.**

Uso obrigatorio de máscaras a requirimento do monitorado.

Cumpre con todas as medidas de prevención que che indique o responsable da actividade.

Mantén a distancia interpersoal

Evitar o saúdo con contacto físico, inclusive dar a man.

Lávate frecuentemente as mans con auga e xabón ou con solución hidroalcohólica. É especialmente importante lavarse despois de tusir ou esberrar ou despois de tocar superficies potencialmente contaminadas. Trata de que cada lavado dure polo menos 40 segundos. É recomendable o lavado frecuente especialmente ao inicio e ao final das actividades en instalacións que son utilizadas de uso compartido.

## RECOMENDACIÓNS

No caso de que teñas os antebrazos descubertos durante a actividade é recomendable incluílo no lavado

Cubre o nariz e a boca cun pano desbotable ao tusir ou esberrar, e tírao a continuación nun cubo do lixo que conte con peche se non dispós de panos usa a parte interna do cóbado para non contaminar as mans.

Evita tocar os ollos, o nariz e a boca.

Tira calquera obxecto de hixiene persoal de forma inmediata ás papeleiras ou contedores habilitados.

## PROTOCOLO DE ENTRADA E SAÍDA DO PAVILLÓN DEPORTIVO

### ENTRADA

As persoas participantes serán informadas do subgrupo ao que pertencen e reuniranse co seu monitor ou monitora no espazo apartado que se lles asigne para dar comezo a actividade. O/A monitor/a informará do lugar de recollida dos participantes do seu subgrupo.

A familia non entrará no centro.

Os participantes deberán levar mascarilla posta na entrada á instalación.

Antes de entrar, os participantes lavarán as mans con xel e tomaranse os pertinentes controis de saúde.

Para acceder á instalación deberán pasar obrigatoriamente pola zona de desinfección e medirse a temperatura para comprobar que non ten febre (en caso de tela non poderá acceder ao interior da instalación). Nesta zona de desinfección procederán a desinfectar o calzado e as mans.

Só poderán traer unha mochila ou bolso coa súa merenda e a súa cantimplora de auga.

Entrarán na aula asignada co monitor/a asignado/a.

A chegada será **escalonada**. No suposto de ter que esperar haberá que manter a distancia de seguridade que **deberá estar indicada nas rúas**.

Para aumentar a precaución, terán prioridade de acceso á actividade os participantes máis novos/as de cada un dos espazos onde se leve a cabo a actividade.

Todo o anterior tamén é de obrigado cumprimento por parte dos/as monitores/as. As persoas participantes non poderán tomar parte na actividade se presenta calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade respiratoria,...) que puidese estar asociada co COVID-19

As persoas participantes non poderán tomar parte na actividade se estivo en contacto directo (conviventes, familiares e persoas que estivesen no mesmo lugar que un caso positivo a unha distancia menor de 2 metros durante un tempo de a lo menos 15 minutos) ou compartido espazo sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada de COVID-19, incluso en ausencia de síntomas, por un espazo de a lo menos 15 días. Durante ese período debe realizar un seguimento por si aparecen síntomas.

### SAÍDA

A metodoloxía de saída será totalmente igual que á entrada, pero en modo inverso.

Facer especial fincapé en que as familias non poden entrar ao centro.

Ter en conta que unha vez saen do centro cunha persoa autorizada, a empresa xa non se fai responsable do que poida xurdir.